

VII ENCONTRO NACIONAL DE MULLERES 2015

Venres 18 setembro:

16,00: Chegada a Panxón

18,00: Encontro e presentación das organización de mulleres

20,00: Cea

Sábado 19 setembro:

10,00: Inauguración do Encontro a cargo de Susana López Abella (Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia) e María José Bravo Bosch (Delegada territorial da Xunta de Galicia en Vigo)

10,30: Ponencia: "Violencia de xénero desde a perspectiva da infancia", Estrela Gómez Viñas, Coordinadora de AGAMME (Asociación Galega contra o Maltrato a Menores).

11,30: Debate e conclusións

13, 00: Presentación e inscrición nos Obradoiros

14,00: Xantar

16,00: Obradoiros

Obradoiro 1. Teatro da Oprimida, Nuria Pahino Dasilva

Esta proposta está encamiñada a traballar o empoderamento das mulleres utilizando como ferramenta a técnica do Teatro d@ Oprimid@, a partir dunha abordaxe feminista. O Teatro d@ Oprimid@ (TO) comeza nos anos 60 no Brasil impulsado principalmente polo dramaturgo, director e teórico de teatro Augusto Boal, nacido no Rio de Janeiro en 1931.

Obradoiro 2. Auto- coñecemento a través do ciclo das mulleres, Monica G. Devesa

Con este obradoiro tentaremos achegarnos aos ciclos vitais da sexualidade feminina, da infancia á vellez pasando pola adolescencia, a menopausa e a etapa fértil, coñecendo mais de perto o ciclo menstrual. Abrindo un espazo no grupo para pór

palabras ás nosas experiencias e transcender os tabus sociais. Buscando reconectar co noso corpo, combinando a información teórica con sinxelas dinámicas corporais.

Obradoiro 3. A revolución dos afectos, Mar F. Cendón

A socialización diferencial de xénero favorece que as vidas das mulleres estean limitadas por unha visión patriarcal e heteronormativa do amor. Este marco crea un sistema no que as mulleres entenden e viven as relacións afectivas en clave de abnegación e mesmo violencia. No entanto, esta construción social do amor pódese mudar para crear relacións afectivas revolucionarias. Partindo do autocoñecemento e da nosa capacidade de autocrítica, podemos construír colectivamente ferramentas que nos acompañen no camiño do amor, o pracer e o goce para vivir de forma autónoma.

19,00: Posta en común dos obradoiros

Domingo 20 setembro:

Actividades de lecer